

ARQUITECTOS

Xunta de Galicia (SUBGRUPO A1)

Temario DOG 02/12/2008

Convocatoria DOG02/12/2008

Orde do 21 de novembro de 2008 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de arquitectos.

Bases da convocatoria.

Normas xerais.

O obxecto do proceso selectivo será a cobertura de catorce (14) prazas do corpo facultativo superior de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de arquitectos, polos sistemas de promoción interna e acceso libre, polo procedemento de concurso-oposición.

Requisitos dos candidatos.

I.2.1. Para seren admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como funcionario os seguintes requisitos:

Para promoción interna

Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título de arquitectura.

Para acceso libre.

Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título de arquitectura.

Exercicios:

Primeiro exercicio, de carácter eliminatorio: consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cen (100) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, con catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha será a correcta, correspondentes ao contido do programa.

As preguntas tipo test non farán referencia a datos concretos procedentes das táboas de procedementos de cálculo que se inclúan nas normativas indicadas nos temas da parte especial ou das que, non estando citadas expresamente, se entendan referenciadas polo contido do tema.

Os/as aspirantes procedentes da quenda de promoción interna estarán exentos para a realización deste exercicio dos temas correspondentes á parte xeral.

O tempo máximo de duración será de cento vinte (120) minutos.

De conformidade co disposto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio deberá realizarse exclusivamente en lingua galega.

Segundo exercicio, de carácter eliminatorio: consistirá na resolución dun suposto práctico de desenvolvemento relacionado coas materias correspondentes á parte especial do programa. O tempo máximo de duración será de tres (3) horas. Para a realización deste exercicio os opositores poderán servirse de textos legais sen comentarios, excluíndose os libros de consulta. Non se considerarán comentarios as notas de vixencia, as simples referencias cruzadas a outras normas ou a sentenzas, sempre que non conteñan ningunha outra análise.

Unha vez publicadas as puntuacións deste exercicio, abrirase un prazo de dez días hábiles para que os aspirantes que superen este exercicio presenten o documento xustificativo (orixinal ou fotocopia debidamente compulsada) de estar en posesión do Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo), para os efectos da exención prevista no terceiro exercicio. Esta documentación presentarase nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia, oficinas de correos e demais lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro exercicio, de carácter eliminatorio, constará de dúas probas:

Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha hora.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, será necesario para superalo obter o resultado de apto, e corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixidos para acadar o resultado de apto.

Estarán exentos da realización do terceiro exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente debidamente homologado polo órgano

competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007).

ANEXO I

Programa que rexerá as probas selectivas para o ingreso no corpo facultativo superior de administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala de arquitectos

-Parte xeral. Lexislación.

1. Constitución española, do 27 de decembro de 1978.
2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de autonomía de Galicia.
3. Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia: títulos I a V.
4. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística: títulos I e II.
5. Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: títulos I a X.
6. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local: títulos I a III.
7. Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público: títulos preliminar, I e II.
8. Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público: títulos I a V.
9. Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia: títulos I a V.
10. Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes: títulos preliminar e II.
11. Tratado da Unión Europea: títulos I a III.
12. Tratado de funcionamento da Unión Europea: primeira parte, segunda parte e capítulos 1 e 2 do título I da sexta parte.

-Parte especial.

1. A Lei 38/1999, de ordenación da edificación. Exixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantías.
2. Disposicións relacionadas coa edificación. Normas, regulamentos e instrucións.
3. Disposicións sobre redacción de proxectos e dirección de obras. O libro de ordes e visitas. O certificado final de obras. Responsabilidade profesional do arquitecto. Intervencións dos colexios profesionais de arquitectos. O visado colexial.
4. O Código técnico de edificación. Ámbito de aplicación. Partes e contidos. Xeneralidades e exixencias básicas (desagregado do anterior tema 2).
5. Seguridade estrutural na edificación. DB-SE. Resistencia e estabilidade. Aptitud ao servizo. Relación con outras normativas estruturales. Normativa de accións na edificación. DB-SE-AE. Cimentacións na edificación. DB-SE-C.
6. Estructuras de aceiro en edificación. DB-SE-A.
7. Estructuras de fábrica en edificación. DB-SE-F.
8. Estructuras de madeira en edificación. DB-SE-M.

9. Seguridade en caso de incendios na edificación. DB-SI.
10. Seguridade de utilización na edificación. DB-SU.
11. Condicións de salubridade na edificación. DB-HS.
12. Aforro de enerxía na edificación. DB-HE. O Regulamento das instalacións térmicas nos edificios (RITE).
13. Condiciones acústicas na edificación. Normativa técnica. A Lei de protección contra a contaminación acústica e o seu regulamento.
14. Estructuras de hormigón na edificación. EHE.
15. Condicións mínimas de habitabilidade. A normativa galega de habitabilidade.
16. Normativa vixente en materia de accesibilidade. Conceptos básicos. Niveis de accesibilidade. O Código de accesibilidade.
17. O control de calidade na edificación. As entidades e laboratorios de control de calidade na edificación. Normativa autonómica. Exixencias de control de recepción e execución no Código técnico de edificación.
18. Seguridade e saúde nas obras de construción. Real decreto 1627/1997.
19. O acceso aos servizos de telecomunicacións, audiovisuais e de información. Normativa específica.
20. Organización de obras: técnicas de programación. Plan de obra. Control do proceso construtivo.
21. Contratación de obras oficiais: lexislación vixente. Actuacións preparatorias: pregos de prescricións, supervisión de proxectos, implantación previa. Clasificación empresarial.
22. O contrato de obras: tipos de expedientes de contratación. Formas de adxudicación. Formalización do contrato. Comprobación da implantación.
23. Execución do contrato de obras. Dereitos ou deberes dos contratistas. Aboamentos ao contratista. Modificación do contrato de obras. Recepción e liquidación. Revisión de prezos.
24. Lexislación actual sobre vivendas de protección oficial. Normas xerais. Normas de deseño e calidade. Requisitos, calificación e tipo de promoción. Vivendas de protección autonómica. Normativa autonómica.
25. Actuacións protexidas en materia de rehabilitación. Lexislación estatal e autonómica. Rehabilitación de vivendas e edificios no medio rural e en conxuntos históricos. Cédula de rehabilitación de calidade. Remate exterior de vivendas rurais. Infravivenda. Requisitos, condicións e tramitación.
26. Dereito urbanístico: evolución histórica da lexislación urbanística en España. Evolución da lexislación galega sobre urbanismo e ordenación do territorio. Principios básicos do ordenamento urbanístico vixente.
27. A organización administrativa do urbanismo: o urbanismo como función pública. Competencias da Administración do Estado. Competencias da Administración autonómica. Competencias da Administración local, en particular os concellos. Procedemento de elaboración e aprobación do planeamento urbanístico.
28. Réxime xurídico do solo: dereitos e deberes dos propietarios do solo. A clasificación urbanística do solo.
29. Planeamento urbanístico: os plans como figuras centrais do ordenamento urbanístico. As normas provinciais. O Plan Xeral de Ordenación Municipal.
30. O planeamento do desenvolvemento: plans parciais, plans de sectorialización e plans especiais. Os estudos de detalle.
31. Execución do planeamento: principios xerais. Áreas de repartición e polígonos. Os sistemas de actuación: expropiación, cooperación, compensación, concerto e concesión da obra urbanizadora. Obtención de terreos dotacionais.
32. Disciplina urbanística: principios xerais. As licenzas

urbanísticas. A protección da legalidade urbanística, infraccións urbanísticas e as súas sancións. A inspección urbanística.

33. Ordenación do territorio: principios xerais. As directrices de ordenación do territorio. Os plans territoriais integrados. Os programas coordinados de actuación. Os plans e proxectos sectoriais. Os plans de ordenación do medio físico.

34. Estradas e ferrocarril: lexislación estatal e autonómica.

35. Costas e portos: lexislación estatal e autonómica. O dominio público marítimo terrestre e a súa protección. Planificación urbanística da franxa litoral e dos portos. Distribución de competencias entre as administracións estatal, autonómica e local.

36. Espazos naturais: lexislación estatal e autonómica. Espazos naturais de interese comunitario: a Rede Natura 2000. Usos permitidos e prohibidos nas zonas de especial conservación. Significado das actividades vinculadas aos usos tradicionais.

37. O patrimonio cultural: evolución do concepto do patrimonio a través de documentos e cartas internacionais. Criterios de intervención nos conxuntos histórico-artísticos e nos edificios históricos. Materiais e sistemas construtivos tradicionais aplicados á conservación e restauración.

38. Lexislación estatal e autonómica de protección do patrimonio cultural e dos camiños de Santiago. Competencias e obrigas das distintas administracións na protección do patrimonio cultural.

39. Principios legais de protección do patrimonio cultural e a súa vinculación coa lexislación vixente en materia de ordenación urbanística e protección do medio rural.

40. Sistemas de valoración. Valor en renda. Valor por comparación. Valor por capitalización. Valor de mercado. A depreciación: as súas clases.

41. Valoración do solo. Aplicación dos criterios da lexislación estatal.

42. O valor equitativo na expropiación. O prezo xusto. Valoración das construcións: métodos de valoración. A valoración fiscal. Normas técnicas para determinar o valor catastral.

43. O catastro. Situación actual da institución catastral en España. Órganos competentes na xestión catastral.

44. A lexislación de arrendamentos urbanos. Principios xerais.

45. O ordenamento xurídico do patrimonio cultural en Galicia. A Lei 16/1985, do patrimonio histórico español, aplicacións e competencias. As leis 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia e 3/1996, de protección dos camiños de Santiago, lexislación complementaria do patrimonio cultural de Galicia. A protección do patrimonio cultural desde a lexislación urbanística e as administracións municipais.

46. Criterios de conservación e de intervención no patrimonio cultural: os criterios legais, as cartas de restauración e os convenios internacionais.

47. Arquitectura culta e popular de Galicia: os seus momentos históricos, a súa evolución e o seu estudo. Modelos tradicionais e etnografía na arquitectura popular galega: os tipos, os materiais e os seus usos.